



XUNTA DE GALICIA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2019

REUNIDOS

Dunha banda:

Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra:

Antonio López Díaz, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, actuando en nome e representación deste organismo, nomeado para este cargo polo Decreto 57/2018, de 31 de maio (DOG 05/06/2018) actuando en virtude das facultades que lle confire o artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, de 21 de decembro, e o artigo o artigo 82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, publicados no DOG núm. 29, do 12 de febreiro de 2014 (BOE núm. 50, do 27 de febreiro de 2014)

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convenir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, e na demais lexislación aplicable na materia.



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA



Segundo. Que a Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece, na súa disposición adicional segunda, que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia na materia obxecto desta lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero, e que a Xunta de Galicia habilitará os instrumentos de colaboración necesarios para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

Terceiro.- Que o 15 de novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. A Proposición non de lei establecía a creación, no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, dunha Subcomisión que tiña como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluíran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, dende as Institucións, se lles proporciona.

Son as Comunidades Autónomas quen asumen as competencias da asistencia social ás mulleres vítimas de violencia de xénero e dos seus fillos e fillas e están, polo tanto, chamadas a xogar un papel clave na prevención, atención e reparación do dano.

Cuarto.- Que o Eixo 1 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de Estado, recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade as condutas violentas e a axudar á toma de



Xacobeo 2021



galicia



XUNTA DE GALICIA



conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a das seus fillos e fillas. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

Por outra banda, o Eixo 8 recolle medidas relativas a visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres, como a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia sexual a mutilación xenital feminina e os matrimonios forzados. De conformidade co Convenio do Consello de Europa para previr e combater a violencia contra a muller incluíranse todos os actos de violencia baseados no xénero que impliquen ou podan implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar estes actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

En ambos eixos a Universidade de Santiago de Compostela atópase en condicións de levar a cabo medidas concretas, segundo se recolle no obxecto do presente Convenio.

Quinto. - Que a Universidade de Santiago de Compostela, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución de dereito público dotada de personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que desfruta de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente.

Sexto.- Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela recollen no seu artigo 4.4 que para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a USC propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural. E no punto 7 do mesmo artigo dispón que a Universidade de Santiago de Compostela garantirá a aplicación do principio de igualdade de xénero.

Sétimo.- Que os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela no seu parágrafo primeiro do artigo 2 dispoñen que "A Universidade de Santiago de Compostela organizarase de maneira democrática e asegurará a participación dos diferentes sectores da comunidade universitaria no seu goberno. Levará a cabo unha decidida defensa da igualdade entre mulleres e homes coa promoción da súa participación igualitaria na toma de decisións e asumirá os principios de liberdade, igualdade, xustiza, pluralismo, sustentabilidade e compromiso ético como inspiradores da vida universitaria."

Co fin de facer efectivo o obxectivo de igualdade entre homes e mulleres aquí proclamado, créase a **Oficina de Igualdade de Xénero** que ten como misión fundamental a de levar a bo termo o compromiso da Universidade de Santiago de Compostela coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres, asumindo os principios de dignidade humana con independencia do sexo das persoas, igualdade e equidade de xénero como elementos fundamentais da actividade universitaria.



Xacobeo 2021



galicia



XUNTA DE GALICIA



Oitavo.- Que a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e as tres Universidades galegas para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e a Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, como as que se refiren a:

Reforzar e ampliar en materia de Educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveles educativos, fomentando que os mesmos se aborden de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais). (Medida 3 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

Incluír en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, incluíndo ademais nos currículos escolares, os valores da diversidade e a tolerancia. (Medida 4 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Implicar ás Unidades de Igualdade das Universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario, e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos Campus Universitarios, e de forma particular das agresións sexuais "en cita". (Medida 8 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Ofertar nos Programas de Formación permanente do profesorado das Administracións Educativas das Comunidades Autónomas polo menos un programa específico de prevención e loita contra a violencia de xénero. (Medida 15 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Realizar campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación. (Medida 26 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)



Xacobeo 2021



galicia



XUNTA DE GALICIA



Dar formación á mocidade sobre o uso axeitado e crítico de internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os cibercriminos (stalking, sexting, grooming, etc). (Medida 34 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Realizar estudos sobre a situación das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero e preparar recursos adaptados a elas. (Medida 100 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Realizar estudos sobre a situación dos menores (custodia, réxime de visitas, relacións co pai maltratador...) (Medida 204 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os e as profesionais dos medios de comunicación.(Medida 224 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Promover dende as administracións públicas e organizacións empresariais, a mellora da formación recibida polos e as responsables das empresas e representantes sindicais (Medida 232 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

Deseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, adaptándoos ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Así mesmo desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos da Educación Infantil, Primaria e Secundaria, así como no ámbito universitario (Medida 254 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade dos mesmos. Realizar estudos de prevalencia e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais (Medida 257 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Realizar un estudo sobre as novas realidades da Trata e as respostas operativas que deben implementarse para que as actuacións policiais teñan maior facilidade á hora de intervir en espazos de alto nivel de control por parte dos proxenetes, incluídas as vivendas.(Medida 266 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Establecer un sistema de análise estatístico que recolla as violencias machistas que sofren as mulleres que exercen a prostitución.(Medida 269 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

http://www.violenciagenero.igualdad.mpr.gob.es/pactoEstado/docs/Documento_refundido_PEVG_.pdf



Xacobeo 2021



galicia



XUNTA DE GALICIA



SEGUNDA. ORZAMENTO

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Secretaría Xeral da Igualdade achegará a cantidade de 100.000 € (cen mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.11.313D.444.0 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2019.

TERCEIRA. COMPATIBILIDADE

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN E MODO DE PAGAMENTO

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia:-

A **Universidade de Santiago de Compostela** está obrigada a xustificar ante a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade, e o seu custo real, mediante a presentación da seguinte documentación:

1. **Memoria final** das actuacións desenvolvidas.
2. **Certificación** da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade da axuda concedida, na que se faga constar de forma detallada:
 - 1º. o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
 - 2º. os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.
3. **Declaración responsable** doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. **Declaración responsable** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou ben as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento destas obrigas.



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA



A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados **entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 15 de decembro de 2019**, e deberá presentarse na Secretaría Xeral da Igualdade con **data límite 18 de decembro de 2019**. Non obstante, de acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. Para o seu aboamento será necesario presentar a documentación antedita, agás a memoria de actuación.

QUINTA. TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio de colaboración presentárase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregárase o procedemento PR004, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SEXTA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realízanse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.



Xacobeo 2021



galicia



XUNTA DE GALICIA



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais dende a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

SÉTIMA. OBRIGAS

A Universidade de Santiago de Compostela comprométese a:

- a) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevaran as actuacións derivadas da execución do convenio.
- a) Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Secretaría Xeral da Igualdade e **facer constar expresamente en toda a publicidade ou presentación pública que se realice que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero** (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos **(incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola CCAA)**.
- b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos, así como acreditar que o conxunto dos financiamentos recibidos non superan os gastos imputados a cada actividade.
- c) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes da Secretaría Xeral da Igualdade, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- e) Comunicarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración, ente público ou sociedade.
- f) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria ou entidade colaboradora establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e tamén se compromete a cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións.



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA



- g) Presentarlle á Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao remate da vixencia do convenio, unha **memoria de actuación** na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desglosadas por sexo, ademais daqueles outros aspectos que a entidade considere salientables.

OITAVA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

NOVENA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas ou profesionais dependentes do centro que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Ao abeiro do artigo 14.1n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

1. o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga da xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
2. calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata disolución.

Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros aos que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.



Xacobeo 2021



galicia



XUNTA DE GALICIA



DÉCIMO PRIMEIRA. NATUREZA ADMINISTRATIVA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

Tamén será de aplicación a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), artigos 47 a 51.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constitúese unha comisión mixta que estará integrada pola secretaria xeral da Igualdade, que poderá dispor que a substitúa algún/algunha funcionario/a desta Secretaría, e por un/unha representante da **Universidade de Santiago de Compostela**.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento dos artigos 29 e 30 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas en canto ao tratamento de datos persoais e a la libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de protección de datos), a **Universidade de Santiago de Compostela** en calidade de encargado do tratamento, realizará actividades de tratamento por conta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Secretaría xeral da Igualdade) en calidade de Responsable do tratamento, respecto aos datos de carácter persoal necesarios para a execución do presente convenio.

Así mesmo adaptarán as súas actuacións ao previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como nas demais disposicións vixentes sobre a materia.

O tratamento de datos consistirá nas actividades necesarias para xestionar o presente convenio.



galicia



XUNTA DE GALICIA



DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informarán na páxina web oficial da súa subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes que interveñen, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación das/dos beneficiarias/os e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos. A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso da/o beneficiaria/o a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA



Alfonso Rueda Valenzuela

O REITOR DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA


Antonio López Díaz



Xacobeo 2021

